




# PACTO *da* CONCORDIA



## COMPROMISOS PARA GARANTIR UNHA ALTERNATIVA DE GOBERNO ESTABLE PARA OURENSE

Os grupos políticos asinantes, poñendo por riba de calquera interese partidista o interese público da veciñanza e a necesidade dunha alternativa de goberno responsable, real e sólida que remate coa parálise, o desmantelamento dos servizos públicos e o colapso económico e funcional do concello de Ourense **ACORDAN** suscribir os seguintes compromisos:

1. Elaborar e aprobar o Orzamento municipal para o ano 2025.
2. Realizar unha auditoría da situación económico financeira e a posta en marcha dun Plan de Pago a Proveedores.
3. Licitación das concesións municipais actualmente en precario, garantindo a mellora da calidade dos servizos públicos e a transparencia dos procedementos.
4. Restablecer e potenciar os programas, dotacións e órganos de participación das concellerías de Benestar Social, Saúde e Igualdade.
5. Implementar medidas que garantan a conciliación laboral e familiar no Concello de Ourense.
6. Desbloquear e aprobar o Plan Xeral de Ordenación Municipal, legal e sostible.
7. Aprobación do Plan Especial das Burgas para a revitalización do Casco Histórico de Ourense.
8. Impulso da Axenda 2030, Ourense Verde e do Plan de Mobilidade Urbana e Sostible.
9. Aprobar a nova Relación de Postos de Traballo co consenso político, sindical e funcional, executar o Plan de Estabilización, Oferta Pública de Emprego e pagamento de débedas contraídas co persoal municipal.
10. Pacto de medidas para converter o noso termalismo nun recurso de excelencia para o desenvolvemento económico, empresarial e turístico da cidade.
11. Recuperar a mesa de apoio ao comercio local e o seu impulso cun plan de desenvolvemento económico de fomento do emprendemento cuxo epicentro sexa o Centro de Iniciativas Empresariais e o Centro de Coñecemento da Molinera.
12. Desbloqueo das obras necesarias para a apertura da Praza de Abastos nº1 de Ourense.
13. Recuperar a programación da Universidade Popular de Ourense, reapertura da Escola de Teatro e Artes Escénicas e o museo municipal, así como recuperar a colaboración co Festival Internacional de Cine de Ourense e a programación cultural no Auditorio Municipal e na cidade.
14. Colaboración institucional e diálogo permanente coa Deputación Provincial, Xunta de Galicia e Goberno de España para levar adiante todos os proxectos extratécnicos da cidade nos próximos anos.

Ourense, a 13 de xuño do 2024

*Asinado*